

PREGUNTA DE AER SOBRE LIMPEZA NOS RÍOS

PLENO 26 DECEMBRO 2013. ACTA 21/2013

Pexegueiro e as planificadas para o río Alvedosa no seu tramo urbano, AER solicitaba por rexistro a “Copia da solicitude de autorización a Augas de Galicia, da resposta deste organismo e dos condicionantes e precaucións xerais e concretas respecto as zonas de nidificación e hábitats das aves e fauna presentes nos ríos, indicacións acerca da eliminación de especies invasoras (fundamentalmente flora) e medidas tomadas respecto a especies autóctonas presente no leito e nas beiras.”

Ese mesmo día, o 26-09-2013, publicábase unha nova do Faro de Vigo onde se indicaba que o día anterior, o día 25 de setembro de 2013, realizouse a limpeza do cauce do Pexegueiro para previr desbordamentos. Curiosamente a fotografía que acompaña é a dunha retroescavadora de gran tamaño limpando co seu cazo a canle do río Pexegueiro.

O día 2 de outubro de 2013, AER recibe resposta do Departamento de Medio Ambiente asinada por Miguel Ángel Álvarez, poñendo a nosa disposición a información solicitada. Unha vez analizada a susodita información obsérvase:

- Que ante a solicitude de autorización do Concello de Redondela, por emerxencia, para a limpeza en varios tramos de canles fluviais que transcorren polo concello de Redondela, segundo planos que se achegan; tramo río Pexegueiro, tramos río Alvedosa, tramo río Maceiras e tramo río Maceiras para dragar, o organismo Augas de Galicia autoriza os traballos coa obriga de que o Concello debe dar conta ao Garda fluvial deste Organismo acerca do día que se vai realizar a limpeza e comunicando a súa finalización.

Pensamos que foi imposible que o Concello dera conta do inicio ao Garda Fluvial pois a autorización chegou ao concello o día 2 de outubro e a limpeza do río Pexegueiro realizouse o 25 de setembro. O día 25 coincide co día en que Xefe do Servizo Territorial de Medio Ambiente asina a autorización.

-Que nesa autorización o Organismo público Augas de Galicia establecía:
Na execución dos traballos deberán ter en conta as seguintes condicións:

- * Os medios utilizados para realizar os traballos de limpeza procurarán a mínima afección ao espazo fluvial en xeral.
- * Os restos ocasionados polas actuacións previstas, deberán ser tratados adecuadamente.
- * Prohíbese, expresamente, utilizar as marxes fluviais e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteración do ecosistema asociado.
- * Prohíbese a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira da zona de

servidume e deberase repoñer a que poida resultar afectada pola execución dos traballos autorizados.

En AER dende aquel día non paramos de preguntarnos a quen do Concello se lle ocorreu meter un retroescavadora no río e en virtude de que criterio consideraron que esta forma de actuar procura a mínima afección, tal como condicionaba Augas de Galicia. Tamén nos preguntamos se o garda fluvial colleu vacacións nos días nos que se executaron as obras.

– Que se as datas correspondentes ao proceso administrativo de solicitude e concesión de autorización foron as seguintes:

23/09/14 O alcalde asina a solicitude para o servizo de Medio Ambiente

24/09/14 Rexistro de saída do documento anterior dende o Concello de Redondela

25/09/14 Asina a resposta o Xefe do Servizo Territorial de Medio Ambiente, o Sr. Francisco Alonso

26/09/14 e-mail do Concello para Medio Ambiente (para axilizar, supoñemos) con copia da solicitude

27/09/14 Rexistro de saída da resposta do Xefe de Servizo Territorial

02/10/14 Rexistro de entrada da resposta no Concello

Podemos comprobar claramente que o Departamento de Medio Ambiente do Concello de Redondela acometeu unha actuación sobre un río sen a oportuna autorización de Augas de Galicia (o que é unha grande irresponsabilidade pois de terse detectado e sancionado polo organismo competente esta infracción, o Concello de Redondela tería que abonar a preceptiva multa económica). Tamén pensamos que estes feitos e mentiras son suficientes para que o responsable aceptase o seu grave erro e, por dignidade e coherencia, dese un paso adiante e deixase o seu posto de responsabilidade.

En virtude de todo o anteriormente exposto, preguntamos ao concelleiro de Medio Ambiente de xeito claro e conciso, polo que pregamos non se ande polas ramas:

Pensa vostede que tanto AER como a veciñanza de Redondela é estúpida, ou ten os ollos vendados, ou vai permitir que proceda ao seu libre albedrío, saltándose a legalidade dun xeito tan descarado e irresponsable, tendo en conta que ostenta a representatividade de todo o noso Concello en cuestións de Medio Ambiente?

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que no departamento de medio ambiente actúase de acordo coa lei, a limpeza empezou no ano 2012, que se pediron as autorizacións pertinentes, e tramitáronse con urxencia e actúase de acordo coas autorizacións recibidas.